

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: Sala de Xuntas de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 24 de febreiro de 2025

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 13:30 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Raquel Gandón Chapela (directora da Área de Calidade)

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Excusas:

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Validación, se procede, das Liñas de Acción do proceso de Dirección Estratéxica do SGC
4. Validación, se procede, da Memoria de Calidade da EIDO dos cursos 2021/2022 e 2022/2023.
5. Validación, se procede, da modificación do proceso de Xestión de Programas do SGC
6. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do curso 2023/2024
7. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción do profesorado dos cursos 2022/2023 e 2023/2024
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbase por asentimento a acta das sesións da Comisión de Calidade da EIDO do 11 de novembro de 2024.

2. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa de que a Profa. Paloma Morán deixa de ser membro da Comisión de Calidade debido a súa incorporación á Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) da ACSUG, xa que a pertenza a ambas comisións é incompatible. Todos os membros da comisión aproveitan a ocasión para agradecer a súa labor nestes anos na Comisión de Calidade da EIDO e desexarlle o mellor nesta nova responsabilidade.

Recibíronse da ACSUG os Informes provisionais de Seguimento do ano 2024 dos programas en Ciencias da educación e do comportamento, Educación, deporte e saúde, Ordenación xurídica do mercado e Tecnoloxías da información e as comunicacións. Todos os informes son Conforme con recomendacións para a mellora, pero non teñen aspectos de obrigado cumprimento. En colaboración coa CAPDs do programas enviaranse alegacións en torno a mediados de Marzo.

Para o ano próximo o PD en Patrimonio Cultural someterase a renovación da acreditación (previsiblemente a finais de marzo) e un conxunto amplo de programas terán que realizar o proceso de seguimento (previsiblemente a finais de xuño). Informárase con mais detalle en vindeiras comisións de calidade.

Xa está en marcha o proceso de modificación substancial das memorias dos PDs e estímase que a finais do mes de febreiro deberían estar dispoñibles ás versións iniciais das mesmas.

A EIDO, o Servizo de Posgrao e a Área de Calidade continúan avanzando na Actualización e Mellora do SGC da EIDO. Tras o Proceso de Dirección Estratéxica, xa aprobado nesta Comisión, presentárase a revisión do Proceso de Xestión de Programas (no punto 4 desta sesión) e atópanse actualmente en revisión os procesos de Formación de Investigadores e de Xestión Académica que pretenden presentarse nesta Comisión de Calidade antes do remate do curso 2024/2025.

3. Validación, se procede, das Liñas de Acción do proceso de Dirección Estratéxica do SGC

O subdirector informa que o proceso de Dirección Estratéxica establece a existencia dun Cadro de Mando, unha ferramenta que pretende contribuír á implantación da estratexia da EIDO establecendo distintas liñas de acción para cada un dos obxectivos de calidade establecido na estratexia da EIDO 2022-2026, e presenta unha proposta de Cadro de Mando elaborada dende a EIDO, a súa Comisión de Calidade e a Área de Calidade que se achega como anexo e completa á versión inicial presentada na Comisión de Calidade do 24/06/2024.

Tras a revisión do mesmo, a Comisión de Calidade valida por asentimento o Cadro de Mando e as Liñas de Acción do proceso de Dirección Estratéxica.

4. Validación, se procede, da Memoria de Calidade da EIDO dos cursos 2021/2022 e 2022/2023.

O subdirector da EIDO presenta unha proposta de Memoria de Calidade da EIDO correspondente aos cursos 2021/2022 e 2022/2023 (se achega como anexo). Como se indica na proposta de memoria, a principal razón para acumular dous cursos na memoria foi o cambio na dirección e subdirección da EIDO do ano 2023 que provocou algunha demora nos procesos do SGC da EIDO. Brevemente, os principais aspectos que se tratan no texto son:

- Unha revisión histórica da evolución do SGC
- Información das actualizacións normativas
- Estratexia da EIDO. Revisión dos Obxectivos de Calidade da EIDO

- Cambios da oferta formativa
- Resultados dos programas de calidade + HR + QSP
- Revisión de indicadores
- Conclusións e acordos

Tras a revisión da memoria, a Comisión de Calidade aproba por asentimento a Memoria de Calidade dos cursos 2021/2022 e 2022/2023. Así mesmo, acorda por asentimento manter os Obxectivos de Calidade e metas asociadas indicadas na Estratexia da EIDO 2022/2026 e que se inclúen no texto da memoria.

5. Validación, se procede, da modificación do proceso de Xestión de Programas do SGC

Como se indicou no Informe da Presidencia, o subdirector da EIDO e o técnico da Área de Calidad Miguel Dorribo informan da modificación do Proceso de Xestión de Programas que se levou a cabo dentro do proceso de Actualización e Mellora do SGC da EIDO. Brevemente, os principais cambios do Proceso están relacionados con:

- O cambio de responsable do proceso (pasa a ser a Dirección da EIDO)
- A definición dun novo indicador do proceso (Taxa de éxito VSMA)
- A inclusión da fase de análise e mellora (na que se incluírán simultaneamente todos os procedementos)

Dentro do procedemento Deseño e aprobación fixéronse ás seguintes modificacións:

- Precisións respecto das modificacións substanciais / non substanciais
- Modelo de declaración de interese
- Modelo de memoria
- Participación da comisión de calidade no proceso de elaboración/aprobación
- Participación de estudantes (no proceso de elaboración da memoria de novos PD)

Dentro do Procedemento Seguimento, mellora e acreditación se modificaron:

- Estableceuse o prazo de seguimento externo tras 3 anos
- Estableceuse un Informe anual de seguimento e o modelo de informe
- O proceso de seguimento das alegacións e melloras
- Contemplase de forma xeral a posibilidades de acreditación dos PD con outros selos de calidade nacionais ou internacionais

Dentro do Procedemento Suspensión e extinción pódese mencionar:

- As precisións respecto da organización/planificación das suspensións e extincións
- A inclusión destes procedementos no Modelo de declaración de interese
- A participación da comisión de calidade nestes procedementos.

Tras a revisión dos cambios e a documentación, a Comisión de Calidade aprobou por asentimento a nova versión do proceso de Xestión de Programas.

6. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do curso 2023/2024

O subdirector da EIDO e o técnico de calidade Miguel Dorribo informan de que estas enquisas encádranse na programación da avaliación da satisfacción da EIDO 2022/23 – 2025/26 aprobada pola Comisión de Calidade en xullo de 2023. A enquisa realizouse en liña mediante a aplicación LimeSurvey entre os días 25 de novembro e o 20 de decembro de 2024. Despois dos cambios de cuestionario e formato realizados en anos anteriores para a súa harmonización no SUG, este ano non se incorporan máis novidades. A próxima avaliación está prevista en outubro de 2025 (correspondente ao curso 2024/2025).

Síntese de resultados:

1. Participación:

- * 1º ano: Lixeira tendencia negativa (48% → 46%) (191 respostas efectivas dunha poboación de 410).
- * 3º ano: Tamén tendencia negativa (46% → 41%) (101 respostas efectivas dunha poboación de 246).
- * Os valores históricos mantense relativamente estables.
- * Non se produciron incidencias destacables de non resposta por mor da carga dos datos da poboación na aplicación.
- * Por programas incorpóranse por primeira vez o PD en Nanociencia e Biomedicina en 1º ano e o PD en Nanomedicina no ten matrícula en 1º nin 3º
- * Superan o límite do 35% (valor de participación aceptable) 30 dos 40 PD de 1º ano e 22 dos 39 de 3º ano. Obsérvase un empeoramento nos PD de 3º ano.
- * Alta participación (igual ou superior ao 75%) nos PD en Turismo, Análise Económica e Estudos Lingüísticos (1º e 3º), PD en Eficiencia Enerxética, Láser, Fotónica e Visión e Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (1º), PD en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables e Ordenación Xurídica do Mercado (3º).
- * Nula participación nos PD en Endocrinoloxía e Química Teórica (1º e 3º ano), PD en Ciencias Mariñas, Eficiencia Enerxética, Xestión e Resolución de Conflitos e Ciencia e Tecnoloxía Química (3º).

2. Satisfacción

- * En 1º ano estabilízase a tendencia á mellora (4,14 → 4,13)
- * En 3º ano tamén hai una tendencia á mellora (3,86 → 3,93)
- * Ambos valores están por riba do obxectivo de calidade 2024 (3,9)

- * O marxe redúcese, o que pode indicar que, sen actuacións específicas nas temáticas menos valoradas, estase a acadar o límite de satisfacción
- * Por programas, 18 PD quedan por debaixo do obxectivo de calidade (semellante ao ano pasado): 7 PD en 1º ano e 11 PD en 3º ano
- * Alta satisfacción ($\geq 4,5/5$) nos PD en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (1º e 3º), PD en SSIA, Ciencias do Deporte, Estudos Literarios, Comunicación, Biotecnoloxía, Resolución de Conflitos e Ordenación Xurídica do Mercado (1º), PD en Educación, Deporte e Saúde, Física Aplicada e Investigación en Tecnoloxías y Procesos Avanzados en la Industria (3º)
- * Baixa satisfacción ($\leq 3/5$) nos PD en Tecnoloxía Aeroespacial (1º), PD en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables (3º)
- * Por temas, o aspecto mellor valorado (arredor de 4,5/5) é A dirección e titorización da tese e o fomento da crítica científica (1º e 3º).
- * Aspectos por debaixo do obxectivo de calidade son A información sobre as axudas ou contratos pre-doc e post-doc e mobilidade (1º e 3º), A información pública –web- (1º), A información sobre a presentación da tese e as súas modalidades ou mencións, as avaliacións anuais e a orientación profesional (3º), Os trámites informáticos asociados ao plan de formación e de investigación (1º e 3º), As avaliacións anuais e a orientación profesional (3º)
- * A maioría dos aspectos, tanto positivos como negativos, son repetitivos de anos anteriores.
- * A maioría das temáticas que se comentan nos resultados cualitativos son reiterativos: acceso á información en inglés, supervisión da tese, información e recursos para bolsas, organización das actividades formativas...

Tras a presentación dos resultados houbo un debate no que os membros da comisión suxeriron ideas para mellorar algúns dos resultados como a reorganización das bolsas de mobilidades de doutoramento, o incremento do presuposto da EIDO, a potenciación de Moovi como plataforma de información, a elaboración de guías informativas rápidas sobre procedementos para os doutorandos e incidir nos estudantes sobre a importancia das enquisas,

7. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción do profesorado dos cursos 2022/2023 e 2023/2024

O subdirector da EIDO e o técnico de calidade Miguel Dorribo informan de que estas enquisas encádranse na programación da avaliación da satisfacción da EIDO 2022/23 – 2025/26 aprobada pola Comisión de Calidade en xullo de 2023. A enquisa realizouse en liña mediante a aplicación LimeSurvey entre os días 1 e 31 de xullo de 2024. Despois dos cambios de cuestionario e formato realizados en anos anteriores para a súa harmonización no SUG, este ano non se incorporan máis novidades. A próxima avaliación está prevista en xullo de 2026 (e corresponderá aos cursos 2024/2025 e 2025/2026)

Síntese de resultados:

1. Participación:

- * 1º ano: Tendencia negativa (52% → 42% → 36%)
- * Non se produciron incidencias destacables de non resposta por mor da carga dos datos da poboación na aplicación. Sen embargo, o 22% da poboación non puido ser cargada (datos incompletos).
- * Por programas, incorpóranse por primeira vez o PD en Nanociencia e Biomedicina, o PD en Matemáticas e Aplicacións e PD en Ciencias Sociais e Envellecemento e o PD en Nanomedicina non participa.
- * Superan o límite do 35% (valor de participación aceptable), 18 dos 41 PD (44%). En 2022 foi 49% , polo que obsérvase unha lixeira caída.
- * Alta participación (igual ou superior ao 50%) nos PD Ciencias da Educación e do Comportamento, Comunicación, Estatística, Métodos Matemáticos, Ordenación xurídica do mercado, Tradución e Paratradución e Xeotecnoloxías.
- * Nula ou casi nula participación nos PD Ciencia e Tecnoloxía Química, Ciencias Sociais e Envellecemento, Investigación en Tecnoloxías, Matemáticas e Aplicacións e Nanociencia

2. Satisfacción:

- * A satisfacción global presenta un resultado satisfactorio: 4,06/5
- * Estabilízase a tendencia á mellora (4,08 → 4,06)
- * O valor supera do obxectivo de calidade 2024 (3,9), cun marxe algo inferior ao de 2022
- * Por programas, 35/41 PD superan o obxectivo de calidade (semellante ao ano pasado).
- * Non acadan o obxectivo os PD en Auga e Sustentabilidade, Ciencias Mariñas, Creación e Investigación en Arte Contemporánea, Creatividade e Innovación Social e Sustentable, Enxeñaría Química e Neurociencia, aínda que con valores superiores a 3/5
- * Alta satisfacción (> 4,5/5) nos PD Ciencia e Tecnoloxía de Coloides, Eficiencia Enerxética, Turismo, Investigación en Tecnoloxías e Procesos e Equidade.
- * Por temas, Os aspectos mellor valorados son os resultados do programa formativo, a valoración xeral e os recursos materiais e servizos (sen cambios respecto á avaliación anterior). O máis negativo, os recursos humanos (sen cambios)
- * As preguntas mellor valoradas son sobre A información, planificación e coordinación da CAPD (por primeira vez, o máis valorado), a supervisión da CAPD, a formación investigadora adquirida polo estudiantado e a adecuación e dispoñibilidade dos recursos materiais. As menos valoradas son o apoio económico a estudantes e os recoñecementos a titorización e dirección de tese (non acadan os obxectivos) e a información da web da Eido.

Tras a presentación dos resultados houbo un debate no que se comentou a conveniencia de mellorar os listados de PDI para a realización de enquisas e como algúns dos aspectos con valoracións baixas escápanse das atribucións da EIDO (por exemplo, a mellora dos recoñecementos docentes ás titorizacións e direccións).

8. Rolda aberta de intervencións

Non houbo.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 24/02/2025

1. Aprobación da acta da sesión da Comisión de Calidade da EIDO do 11 de novembro de 2024.
2. Aprobación da Memoria de Calidade da EIDO dos cursos 2021/2022 e 2022/2023.
3. Manter os Obxectivos de Calidade e metas asociadas indicadas na Estratexia da EIDO 2022/2026.
4. Aprobación da modificación do proceso de Xestión de Programas do SGC.


Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

ESTRATEGIA DA EIDO 2022-2026: CADRO DE MANDO

LIÑAS ESTRATÉXICAS (Política de Calidade)									
1. GOBERNO TRANSPARENTE E PARTICIPATIVO					Desenvolver un modelo de goberno transparente e participativo, baseado nun comportamento ético e con especial atención ás singularidades e á responsabilidade social e sostibilidade				
	2 OFERTA FORMATIVA SOSTIBLE E CON ALTOS NIVEIS DE CALIDADE				Manter unha oferta formativa axustada ás demandas da sociedade en xeral e galega en particular, sostible e con altos niveis de calidade nos seus programas, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, no espírito crítico e na capacidade de análise e de reflexión.				
		3 RECOÑECIMENTO, POSICIONAMENTO E VISIBILIDADE - SUSTENTABILIDADE E AXENDA 2030			Alcanzar o recoñecemento, o posicionamento e a visibilidade nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nacionais e internacionais mediante a excelencia na formación, así como na investigación e na transferencia de coñecemento e, ao mesmo tempo, fomentando a sustentabilidade e a Axenda 2030 na investigación.				
			4 ESTUDANTADO CON TALENTO			Captar estudantado con talento, impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.			
			5 CULTURA DE CALIDADE, IGUALDADE E SOSTIBILIDADE			Consolidar unha cultura da calidade, da igualdade e da sostibilidade centrada na satisfacción integral do estudantado e do persoal, a través dunha xestión eficaz e da consideración de estándares de calidade e de sostibilidade, en particular, dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aprobados polas Nacións Unidas.			
			6 COMPROMISO PERMANENTE DE MELLORA			Acadar un compromiso permanente de mellora como norma de conduta, e propoñer e desenvolver as accións necesarias para o mantemento e a mellora da calidade.			




							OBXECTIVOS DE CALIDADE 2022/26																			
							Indicadores		Metas					Accións/liñas de acción			Data de inicio	Data de fin	Responsable	Recursos asignados	Contribución a outros obxectivos	Estado	Comentarios			
								2022	2023	2024	2025	2026														
X	X	X			X	X	O1 - Obter a Acreditación Institucional (AI) da EIDO																			
							I1	Resolución de AI (Consello de Universidades)					AI				A1.1	Impulsar a implantación efectiva dos procesos do SGC (Proxecto de Mellora do SGC)			4T 2022 1T 2025	Dirección da Eido		O2		Previsto rematar en 2025. Plan de Accións: Documento resumo de accións propostas polos grupos de traballo Plan de Accións: Documento resumo de accións propostas polos grupos de traballo
																	A1.2	Implicar os responsables de calidade dos PD no desenvolvemento dos programas de calidade - Identificar / formalizar as designacións - Formar e sensibilizar as persoas - Crear unha rede de colaboración			3T 2024 1T 2025	Coordinador de Calidade Eido		O2, O4		Os responsables de calidade están identificados e colaboran activamente do desenvolvemento dos procesos.
																	A1.3	Potenciar a participación activa da Comisión de Calidade da Eido nos procesos de funcionamento da xestión de calidade da Eido			1T 2022	Dirección da Eido		O2, O4		
																	A1.4	Mellorar o control documental dos PD: - Activar o control dos rexistros na aplicación do SGC - Harmonizar a xestión das actas das CAPD			4T 2022 2T 2025	Servizo de Posgrao Área de Calidade				Aplicación decidida. En maio de 2023 empeza o plan piloto e rematará en 2023.
																	A1.5	Dispor de resultados de indicadores agregados - Consolidar o cálculo para o conxunto da Eido - Segregar os datos por rama de coñecemento			4T 2021 4T 2024 4T 2025	Coordinador de Calidade Eido Servizo de Posgrao		O2		Faltan datos segregados por rama
																	A1.6	Executar o Plan de Mellora de Certificación do Deseño do SGC			4T 2024	Coordinador de Calidade Eido Área de Calidade				Última actualización: v3 maio 2023
																	A1.7	Elaborar e implantar un Código de Boas Prácticas da EIDO Actualizar o Código de Boas Prácticas de Supervisión de Teses			2T 2025	Dirección da Eido		O3, O4, O5		Directrices REACU 2023 Coordinación na rede de CDED
			X		X	X	O2 - Mellorar a satisfacción do alumnado e dos restantes axentes implicados na formación doutoral, xerando un marco de confianza e de seguridade que facilite o progreso do alumnado, que evite o abandono, que mellore os seus resultados académicos, con atención inclusiva e ás vulnerabilidades e que o sitúe nunha posición de vantaxe competitiva ante a súa inserción no ámbito laboral ou de investigación para liderar a produción de coñecemento e innovación																			
							I2	Índice de satisfacción (enquisas e outros) (IPD19 ACSUG) (escala de valores 1 máis negativo - 5 máis positivo)		3,8	3,85	3,9	3,95	4	A2.1	Activar o cálculo dos indicadores de inserción laboral			1T 2022	Coordinador de Calidade Eido Servizo de Posgrao		O1, O6			Estudo histórico 1990-2020 e estudos anuais a partir do 2020/2021	
								Estudiantes 1ª / 3º ano		4,15 / 3,97	4,14 / 3,86				A2.2	Impulsar a mentoría e mellorar a orientación profesional			3T 2022	Coordinador de Calidade Eido		O3				
								Profesorado (directores e titores de teses)		4,08					A2.3	Mellorar o tempo de resposta ás QSP			2T 2022	Coordinador de Calidade Eido Servizo de Posgrao		O1				
								PAS de apoio a doutoramento			-				A2.4	Harmonizar os cuestionarios e metodoloxías de medición da satisfacción no SUG			1T 2022	Área de Calidade		O1			Acordo no SUG en xuño de 2021	
								Egresados (doutores)		-					A2.5	Fomentar a ética na investigación			1T 2025	Dirección da Eido						
															A2.6	Reforzar a capacidade de emprendimento dos doutorandos			1T 2025	Dirección da Eido						
															A2.7											
		X			X		O3 - Afianzar a internacionalización e multiculturalidade dos programas mediante a colaboración con universidades e con outras institucións de educación superior e a captación dos estudantes con mais talento facilitando a captación de estudantado internacional																			
							I3.1	% Teses con mención internacional (IPD18.7 ACSUG)		50%	50%	50%	50%	50%	A3.1	Potenciar a internacionalización dos PD (colaboración con entidades de investigación, profesorado e membros de tribunais de teses, mobilidade, expertos, teses en co-tutela e con mención internacional)			4T 2022	Dirección da Eido		O2, O6				
										36,17%	29,93%				A3.2	Implantación de actividades ligadas ao Welcome Pack (manual de benvida) para persoal investigador visitante nas súas estadias de investigación na Uvigo			1T 2022	Servizo de Posgrao						
							I3.2	% Estudantes internacionais (IPD6 ACSUG)		28%	29%	30%	30;5%	31%	A3.3	Incrementar a información e documentación dispoñible en inglés na páxina web da EIDO			1T 2025	Coordinador de Calidade Eido						

MEMORIA DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)

Cursos académicos:
2021/2022
2022/2023

Data de aprobación no Comité de Dirección:
dd/mm/aaaa



Índice de contidos

I. ASPECTOS XERAIS

II. DATOS E ANÁLISE DE RESULTADOS

III. ACORDOS PREVIOS

IV. CONCLUSIÓN E ACORDOS

V. ANEXOS

I. ASPECTOS XERAIS

I.1 Presentación

O sistema de garantía de calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo é un **sistema centralizado e institucional**, dirixido pola EIDO, ao que están adscritos todos os programas de doutoramento da universidade, incluídos os programas interuniversitarios.

O SGC é unha **ferramenta de mellora continua** que contribúe a desenvolver a estratexia da EIDO e dos seus programas, a mellorar a calidade dos resultados de aprendizaxe do estudantado e, en consecuencia, a súa formación investigadora.

Na súa lóxica de mellora continua, un dos procesos do sistema prevé unha **revisión formal** anual cuxos obxectivos son os seguintes:

- Verificar a súa adecuación á realidade actual
- Verificar a súa eficacia
- Provocar análises e debates para desencadear propostas de mellora do seu funcionamento
- Revisar a estratexia de calidade da EIDO (a súa política e os seus obxectivos)
- Contribuír a realizar un seguimento xeral da situación dos programas de doutoramento
- Elaborar, aprobar e publicar unha memoria de calidade que formalice a situación descrita nos puntos anteriores e sirva de ferramenta de **transparencia e rendemento de contas** das actividades levadas a cabo no período considerado.

Os datos empregados para realizar as análises e presentados neste informe proveñen de diferentes **fontes oficiais** da universidade e están dispoñibles no [Portal de Transparencia](#).

Esta memoria dá continuidade as memorias dos cursos 2019/2020 e 2020/2021 e integra unha visión ampla da calidade desenvolvida na EIDO nos períodos 2021/2022 e 2022/2023 e mantén unha certa perspectiva histórica nas temáticas tratadas que axuda a comprender o contexto e a evolución da súa xestión. A memoria comprende dous cursos xa que os cambios na dirección da EIDO que se detallan mais adiante neste documento demoraron algunhas das actividades e procesos asociados ao SGC.

I.2 Situación do Sistema de Xestión (SGC e outros estándares)

I.2.1 Situación do Sistema de Xestión

A continuación presentase un breve percorrido histórico para describir as fases do SGC e contextualizar a situación actual. Esta descrición comezada na memoria 2020/21 segue de actualidade, polo que as ideas principais se manteñen.

A) Fase de deseño (2017-2020) [Elaboración e aprobación da documentación]

O deseño do SGC desenvolveuse, formalmente, ao longo dos anos 2017 e 2018, seguindo as directrices do **Programa FIDES-AUDIT** (ACSUG). Durante este período analizáronse e déuselle forma aos procesos de funcionamento ligados ao ciclo de doutoramento que responden ás ditas directrices. A Comisión de Calidade da EIDO, constituída o 27.04.2017, validou este deseño o 14.12.2018 e o Comité de Dirección da EIDO, máximo órgano de responsabilidade, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018.



Certificado n° 04/2019 de ACSUG

Trala avaliación da documentación enviada, a ACSUG remitiu un Informe de **certificación do deseño** do SGC o 30.07.2019 con resultado *FAVORABLE*, polo que a EIDO convertíase deste xeito na [primeira escola de doutoramento do SUG](#) en acadar unha certificación de calidade.

Finalmente, [o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo](#) coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

B) Fase de implantación (2021 → Actualidade) [Aplicación xeneralizada e progresiva]

Rematada a fase de deseño, a previsión da implantación efectiva do SGC programouse para comezar no curso 2020/21. O obxectivo desta fase consiste en aplicar o deseño aprobado ás actividades diarias do ciclo de doutoramento, isto é, da xestión da EIDO e dos seus programas de doutoramento. A estratexia da EIDO, formalizada na súa Política e Obxectivos de Calidade aprobados en 2020, establecía como un dos seus obxectivos de calidade a certificación da implantación para 2021/22. Porén, a situación pandémica Covid-19 adiou todo o proceso.

A implantación programada incluía, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- Funcionamento operativo de todos os procesos (este xa se iniciara, nalgúns casos, de xeito previo a 2020)
- Funcionamento pleno e regular da Comisión de Calidade da EIDO
- Soporte aos procesos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos programas,
- Formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudantado
- Reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

A continuación inclúese unha síntese da implantación do SGC e algúns condicionantes que influíron nesta:

1 Aplicación da nova regulación RD 99/2011

Moitas das actividades descritas nos procedementos xa comezaron o seu **funcionamento** hai varios anos (atención e orientación a estudantes, xestión dos programas de doutoramento ou as ligadas á elaboración e defensa da tese), de acordo coa nova regulación, implantada no curso 2012/13.

Existen **documentos e rexistros** asociados a eles e trátanse os seus **indicadores** de resultados. As epígrafes sobre programas de seguimento e de acreditación das titulacións tratan con máis detalle estas cuestións nos seus informes e amosan os resultados acadados.

Véxase a epígrafe I.4 para os detalles sobre estes programas de calidade.



2 Pandemia COVID-19: situación excepcional e actividades de adaptación

A pandemia provocada pola COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade. Os anos 2020 e 2021 foro especialmente complexos e rodeados de incertezas

que afectaron, en particular, á normalidade da vida universitaria e ao desenvolvemento de todas as súas actividades. A saúde e a seguridade primaron nese novo escenario.

Ao igual que ocorreu con todas as titulacións e servizos que ofrece a UVigo, tamén no caso da EIDO a pandemia provocou unha reacción inmediata que empezou polas defensas das teses xa programadas, que pasaron ao formato telemático utilizando a plataforma Campus Remoto. Dende o 24 de marzo ata finalizar o ano 2020 defendéronse nesta modalidade virtual preto de 85 teses de doutoramento e en 2021 a modalidade en-liña seguiu sendo preferente a vía preferente de defensa á espera de que as circunstancias aconsellasen retomar o sistema anterior. No curso 2020/21 defendéronse en-liña 138 teses, o que representa un 78% do total. No curso 2021/22 defendéronse en-liña 44 teses, co que a porcentaxe diminuíu respecto ao curso anterior.

Así mesmo, o **depósito das teses mudou á modalidade en liña**, un proceso previsto como unha evolución natural acorde coa implantación da **administración electrónica**, pero que se viu acelerado, aproveitando o desenvolvemento técnico da plataforma e que permitiu o depósito de máis de 80 teses durante o ano 2020. A modalidade en liña quedou consolidada como sistema ordinario de depósito a partir de 2021.

A covid-19 provocou igualmente a adaptación dos cursos e actividades formativas, habilitándose **salas virtuais** a tal efecto.

Estendéronse os **prazos** para a finalización das teses por un período equivalente á duración da suspensión dos prazos administrativos establecida no estado de alarma (79 días), isto sen prexuízo da flexibilidade que poda aplicarse para aqueles casos que xustifiquen de xeito fidedigno que o atranco debido ao estado de alarma supera a extensión do prazo aplicada de xeito xeral.

A **mobilidade** necesaria para a obtención da Mención internacional, tamén foi aceptada en forma de actividade en remoto para estadías previamente programadas ou xa iniciadas que se viron canceladas ou interrompidas pola situación da pandemia, sen posibilidade de ser retomadas de xeito presencial antes do depósito da tese.

O regulamento de Estudos de Doutoramento cambiouse o curso 2021/22 para permitir que de xeito definitivo a presentación da tese pode facerse en modalidade non presencial.

3 Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC 2021-2024

Para retomar e reconducir esta situación, a Comisión de Calidade da EIDO e despois o Comité de Dirección, aprobaron en decembro de 2021 o Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC [Anexo 03_1]. Esta implantación programouse para desenvolverse desde fin de 2021 ata fin de 2024.

Este proxecto xira sobre 3 eixes:

- Implantación participativa e colaborativa dos procesos a través de grupos de traballo
- Integración progresiva de estándares de sustentabilidade e responsabilidade social (ODS)
- Preparación para certificación: obxectivo fin 2024 → Acreditación institucional

En síntese, organizáronse 12 grupos de traballo asociados aos 18 procesos do SGC coa finalidade de analizar o estado de implantación e realizar propostas de mellora. Participaron 38 persoas, dando lugar a 93 accións de mellora [Anexo 03_2].

A dirección da EIDO reporta á Comisión de Calidade o funcionamento do proxecto, e esta informa e valida as decisións e actividades para desenvolver.

4 Plan de mellora da certificación do deseño de ACSUG

A resolución do plan de mellora, prevista en grandes liñas para o curso 2020/21 viuse tamén afectado pola pandemia. No [Anexo 01] - Plan de accións da certificación do deseño do SGC v 2023 pode atoparse o estado de situación das accións que se definiron en xullo de 2020 en resposta á avaliación do deseño de ACSUG.

Síntese:

- N° de recomendacións ACSUG: 14 → n° de accións de mellora: 12 (non proceden: 2)
- Accións pechadas: 8
- Accións en curso: 4
- Novo seguimento do plan: 1º/2º T 2024

Todas as recomendacións teñen xa unha resposta operativa no funcionamento do SGC. Acórdase non pechar 4 delas por mor de formalizar cambios nos procedementos do SGC (previsto para 2023/24, pendente de acordo).

5 Estado de implantación xeral do SGC

O [Anexo 2] inclúe un **esquema gráfico** do estado de implantación de cada un dos procesos ao fin de 2022 e 2023.

Para elaborar este esquema tomouse como criterio para considerar un proceso implantado que, polo menos, superase un **ciclo completo de actividades**, tal como se describe no procedemento asociado.

Síntese do estado de situación:

- N° de procesos: 18
 - N° procesos sen implantar: - (0%) → -
 - N° procesos en implantación: 1 (5%) → *Directriz 1*
 - N° procesos implantados: 17 (95%) → *Directrices 1, 2, 3, 4, 5 e 6*

No ano 2022 o proceso Control dos rexistros considérase *en implantación* posto que se traballa na mellora da aplicación informática do SGC para adaptala ás especificidades de doutoramento. No ano 2023 rematouse o desenvolvemento dunha aplicación informática adaptada aos rexistros de doutoramento e o proceso considérase aínda en aplicación ata a realización da proba piloto de carga de rexistros que está planeada durante o curso 2023/2024.

En síntese, pódese concretar que o proxecto está amplamente avanzado, e, como resultado a práctica totalidade dos procesos están en funcionamento e implantados de xeito eficaz.

I.2.3 Cambios organizativos:

Dirección da EIDO

O 30 de maio de 2023 foi nomeado Antonio Collazo Fernández como director da EIDO en substitución de Antonio Pino García. O subdirector Marcos Arias Acuña mantense

como subdirector da EIDO (pero se espera que sexa substituído a comezos do curso 2023/2024) e tamén se mantén Pablo Hervés Beloso como secretario académico. Este cambios notables non afectaron significativamente ao funcionamento ordinario da EIDO, incluídos os programas de calidade (seguimento, acreditación,...), pero si demoraron as actividades e procesos asociados a implantación e mellora do SGC.

Comisión de Calidade da EIDO

A composición, o funcionamento e as competencias da Comisión de Calidade están establecidas no Manual de Calidade da EIDO.

A composición actual da comisión, xunto cos cambios que se produciron., é a seguinte :

- O presidente/director da EIDO: Antonio Pino García. Desde xuño 2023, Antonio Collazo Fernández.
- O director da Área de Calidade, ou persoa en quen delegue: Xosé María Gómez Clemente. Desde 2019, Joaquín Baltasar Collazo Rodríguez
- O coordinador de calidade/subdirector da EIDO: A. Marcos Arias Acuña
- O xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, ou persoa en quen delegue: José Luís Gómez Reboiro
- Unha persoa representante do estudantado de doutoramento: Alicia López Bruzos. Desde 2019, Sara Martínez Carrera. Desde 2021, Juan Jesús Rico Fuentes
- Responsables de calidade dos programas de doutoramento por cada ámbito recoñecido no RRI da EIDO:
- Artes e Humanidades: Ana Luna Alonso. Desde 2019, Teresa Rivas Brea. Desde 2021, Susana Reboreda Morillo. Desde 2022, Antonia Blanco Pesqueira.
- Enxeñaría e Arquitectura: Asunción Longo González
- Xurídico-Social: Yolanda Rodríguez Castro. Desde 2019, Ángeles Parrilla Latas
- Campus do Mar: Paloma Morán Martínez
- Ciencias: Desde 2021, Pedro Pablo Gallego Veigas
- O técnico superior de Calidade: José Miguel Dorribo Rivera (membro nato desde 2022)

Competencias

As persoas que a integran son elementos clave no desenvolvemento dos programas de calidade da escola. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de calidade na EIDO.

En este sentido, é importante fomentar a participación e colaboración activas nos diferentes programas e actividades de calidade na EIDO.

Funcionamento e reunións

O funcionamento e as competencias da Comisión de Calidade están recollidas no Manual de Calidade da EIDO. A comisión, progresivamente, vai incorporando temáticas para analizar segundo o previsto no manual.

As reunións que tivo ata agora son:

- 27 de abril de 2017
- 11 de maio de 2017
- 15 de febreiro de 2018
- 13 de abril de 2018
- 13 de decembro de 2018
- 19 de xullo de 2019
- 23 de xullo de 2020
- 14 de setembro de 2020
- 23 de outubro de 2020
- 6 de abril de 2021
- 21 de maio de 2021
- 9 de xuño de 2021
- 15 de xullo de 2021
- 21 de decembro de 2021
- 9 de marzo de 2022
- 25 de marzo de 2022
- 19 de maio de 2022
- 19 de xullo de 2022
- 28 de setembro de 2022
- 19 de decembro de 2022
- 11 de maio de 2023
- 27 de xullo de 2023

As actas e acordos das reunións son públicas e están dispoñibles na ligazón <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/doctas/public/unidad/estudios-posgrao/cc-EIDO-actas-comision-de-calidade-da-EIDO>.

I.2.5 Cambios legislativos e normativos:

As principais novidades lexislativas e normativas no período ao que se refire esta memoria e que afectan ao modelo de calidade no ciclo de doutoramento son:

Lexislación:

Lexislación e data de aplicación	
Procesos eventualmente afectados	Comentarios
RD 640/2021, de 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios Aplicación: 17/08/2021	
Directriz 2 Xestión dos programas - Deseño e aprobación dos programas - Seguimento, mellora e acreditación dos programas - Suspensión e extinción dos programas	Establece o procedemento de acreditación institucional para as escolas de doutoramento.
RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade Aplicación: 19 de outubro de 2021	
Directriz 2 Xestión dos programas - Deseño e aprobación dos programas - Seguimento, mellora e acreditación dos programas - Suspensión e extinción dos programas	Incide en distintos procesos de calidade: - A potenciación da acreditación institucional dos centros - Maior autonomía das universidades canto os procesos de garantía de calidade. Exemplo: o seguimento das titulacións que non contan con acreditación institucional para a ser competencia dos centros (informe preceptivo 3 anos despois de cada renovación da acreditación), con criterios establecidos polas axencias de calidade. - En xeral, cambios nos procedementos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación (VSMA) das titulacións - A determinación dos procesos VSMA para titulacións conxuntas internacionais, incluídas as que están dentro do Programa de Universidades Europeas da CE e das Erasmus Mundus. - A necesidade de informes preceptivos e favorables obtidos dos SGC para: aprobar o deseño de determinadas titulacións ou programas académicos

	(graos abertos, simultaneidades..), e tamén para os Másters de Formación Permanente
	realizar modificacións substanciais dos plans de estudos en centros con acreditación institucional e non substanciais en todos os casos.
	- A aplicación dos estándares de calidade europeos (ENQA) ás ensinanzas propias / formación permanente.
	- A integración de cuestións medioambientais e de sostibilidade: principio de non causar dano significativo e consideración dos ODS.

En xullo de 2023, publicouse o Real Decreto 576/2023, que modifica o Real Decreto 99/2011 que regula as ensinanzas oficiais de doutoramento. Entre os principais aspectos que modifica este RD destaca os cambios nos requisitos de acceso, na duración dos estudos de doutoramento, a necesidade de elaborar un plan de formación para cada doutorando, as modificacións nas competencias asociadas aos estudos e cambios nos procesos do SGC. Como consecuencia deste RD será necesario realizar modificar as memorias dos programas de doutoramento e realizar cambios e actualización no SGC que se realizarán a partir do próximo curso 2023/2024.

Normativas:

Normativa e data de aplicación	
Procesos eventualmente afectados	Comentarios
Instrución Persoal investigador predoutoral visitante matriculado nun programa de doutoramento interuniversitario. Aplicación: 12 de xaneiro de 2021	
Directriz 3 Formación dos investigadores	
-Xestión da mobilidade	Establece medidas específicas para visitantes dunha universidade participante nun programa de doutoramento interuniversitario no que tamén está a Universidade de Vigo.
Directriz 3 Xestión Académica	
-Admisión -Atención a estudantado e atención profesional	
Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo Aplicación: 26 de maio de 2021	

Directriz 3 Formación dos investigadores

- Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as

- Xestión da mobilidade

- Autorización e defensa da tese

Afecta ás titorías, propiedade intelectual, dereitos dos estudantes de doutoramento e mobilidade

Directriz 3 Xestión Académica

- Admisión

- Atención a estudantado e atención profesional

Regulamento de Persoal investigador visitante, modificado en febreiro de 2022

Modificación do procedemento de solicitude da estadia

Directriz 3 Formación dos investigadores

-Xestión da mobilidade

Directriz 3 Xestión Académica

-Admisión

Outros estándares, protocolos e documentos de referencia

- Novo Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026, aprobado en decembro de 2020.
- Os cambios lexislativos (RD 820/2021 e RD 640/2021) están provocando modificacións nos protocolos de REACU e previsiblemente nas guías de ACSUG respecto dos diferentes programas de calidade que afectan ao ciclo de doutoramento:
 - REACU- PROTOCOLO DE EVALUACIÓN PARA LA VERIFICACIÓN Y MODIFICACIÓN de los Programas de las enseñanzas oficiales de Doctorado (03.02.2022)
 - REACU- PROTOCOLO DE EVALUACIÓN PARA EL SEGUIMIENTO Y LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN de los Programas de doctorado conducentes a la obtención del título oficial de Doctor o Doctora (02.03.2022)
- Resolución do 3 de marzo de 2022, da SX Universidades
 - Inclúe instrucións sobre a AI e o protocolo de certificación dos SGC dos centros, cuxo alcance abrangue agora tamén ás escolas de doutoramento.
 - O protocolo de certificación inclúe dúas novas temáticas non incluídas na guía de ACSUG e, polo tanto, non tratadas ata o de agora:

- I+D+i e transferencia do coñecemento, que aparece como nova dimensión de avaliación
- Tratamento dos ODS/Sostibilidade, que aparece como referencias transversais

Outros Protocolos

- ANECA presentou ás escolas de doutoramento de toda España un documento de bases para a AI das ditas escolas no que inclúe as temáticas anteriores como criterios de certificación, entre outros cambios menores. Este protocolo está pendente de levarse a REACU para consenso, e para que sirva de base para actualizar as guías de certificación das axencias.

I.3 Estratexia da EIDO (Política e obxectivos de calidade), coas liñas de acción

Estratexia 2022-2026

Unha das actividades desenvoltas nos grupos de traballo consistiu en analizar o contexto e as tendencias en doutoramento. Froito deste traballo resultou a revisión da política e obxectivos de calidade, tanto en contidos como en formato.

A EIDO actualizou e aprobou a súa nova *Estratexia* para o período 2022-2026. [Anexo 04]

O novo marco estratéxico inclúe agora:

- Unha declaración da misión e da visión

- Liñas estratéxicas de actuación como resultado da revisión e actualización da política de calidade

As liñas estratéxicas serán desenvoltas a través dun cadro de mando ou ferramenta equivalente.

- Obxectivos de calidade revisados e actualizados, cos indicadores asociados e as metas anuais programadas, en coherencia coas liñas estratéxicas.

Esta estratexia inclúe, ademais, de xeito transversal e por primeira vez, referencias e obxectivos relacionados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

A estratexia incorpora o novo escenario de acreditación institucional (AI) para as escolas de doutoramento posibilitado polo Real Decreto 640/2021, marcando como obxectivo principal a súa consecución no ano 2024.

Curso 2021/2022: Política e obxectivos de calidade (Síntese de resultados):

Obxectivo e indicador asociado	Meta 2021/22	Resultado 2021/22
1 Renovar a acreditacións dos programas de doutoramento responsabilidade da Universidade de Vigo	21 PD (acumulado)	22 PD
Indicador: nº de PD que renovan		
2 Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral	3,7 / 5 (1º e 3º ano)	4,15 (1º ano) 3,97 (3º ano)
Indicador: resultados de satisfacción (IPD19) [*]		
3 Mellorar a satisfacción dos restantes axentes implicados nos programas de doutoramento	3,75 / 5	4,08 (PDI) 3,33 / 5 (PAS 2021)
Indicador: resultados de satisfacción (IPD19)		
4 Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional	50%	28,81%

Indicador: % teses con mención internacional (IPD18.7)
ou cotutela [*]

5 Promover a captación de estudantes internacionais	27%	29,28%
---	-----	---------------

Indicador: % estudantes estranxeiros matriculados (IPD6)
[*]

6 Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento	PAS: 100% persoas	PAS: 82% (27/33 persoas)
---	----------------------	---------------------------------------

Indicador: actividades formativas sobre calidade en doutoramento [*]

PDI: 90% PD	PDI: -
Estudantes: 1 actividade/ Ámbito	Estudantes: -

7 Obter a certificación do sistema de garantía de calidade da Eido.	Certificación da implantación	En espera de solicitude
---	-------------------------------	--------------------------------

Indicador: actividades formativas sobre calidade en doutoramento

Escala de cores:

Verde: obxectivo alcanzado

Laranxa: obxectivo a piques de alcanzarse (variación dun 10% en relación coa meta)

Vermello: obxectivo non alcanzado

[*] Obxectivos especialmente impactados pola Covid-19

En particular, por mor da pandemia, non se puido levar a cabo ningunha actividade formativa para as CAPD ata maio de 2023. A formación para o PAS realizouse entre abril-maio de 2019.

Nova Estratexia → Curso 2022/2023: Obxectivos de calidade e metas asociadas (Síntese de resultados):

Obxectivos de calidade e metas asociadas	Meta 2022	Resultado 2022/23
1 Obter a acreditación institucional da EIDO		Pendente de protocolos REACU/ACSG
Metas: Certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade en 2023 e Acreditación Institucional en 2024		
2 Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral	3,8 / 5	4,14 (1º ano)
	(1º e 3º ano)	3,86 (3º ano)
Meta: resultados de satisfacción (IPD19) [*]		
4 Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional	50%	29,93%

Metas: % teses con mención internacional e % de estudantes internacionais	28%	33,92%
6 Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento	PAS: 100% persoas	PAS: - (xx/xx persoas)
Metas: % formación persoal en áreas académicas, % CAPD, actividades para estudantes	PDI: 90% PD Estudantes: 1 actividade/ Ámbito	PDI: - Estudantes: - 1 xornada (12.04.2023)
7. Implicación e difusión da oferta de estudos de doutoramento e das súas actividades, especialmente no relacionado coa Axenda 2030 e cos ODS	9%	<i>En deseño</i>
Metas: % das teses defendidas que teñan relación con algún ODS para cada ano		
8. Actividade investigadora de calidade en aberto para aumentar a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados	2	<i>En deseño</i>
Metas: contribucións científicas (de media) por estudante egresado para cada ano:		
Escala de cores:		
Verde: obxectivo alcanzado		
Laranxa: obxectivo a piques de alcanzarse (variación dun 10% en relación coa meta)		
Vermello: obxectivo non alcanzado		

1.4 Ordenación da oferta formativa

Na seguinte táboa descríbense os cambios na oferta formativa nos curso 2021/2022 e 2022/2023:

Procedemento	Programas
Verificación	- Implantación 2020/21 Verificación pola <i>Agencia Andaluza del Conocimiento</i>. Autorización en 2020. - PD en Turismo conxunto coa Universidade Antonio de Nebrija, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Alicante, a Universidade de Cádiz, a Universidade de Extremadura, a Universidade de La Laguna, a Universidade de Málaga (responsable e coordinadora), a Universidade de

Santiago de Compostela, a Universidade de Sevilla, a Universidade Rei Juan Carlos e a Universitat Oberta de Catalunya

- Implantación 2021/22 retrasado ao curso 2022/23
Proxecto UNISF Universidade sen Fronteiras financiado con fondos do Programa Transfronteirizo INTERREG España-Portugal. Verificación por ACSUG. Autorización en 2021. Implantación prevista para 2022/23
 - PD en Matemáticas e Aplicacións
conxunto coa Universidade de Santiago de Compostela (responsable e coordinadora), a Universidade do Porto, a Universidade do Minho, a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, e a Universidade da Coruña
 - PD en Ciencias Sociais e Envellecemento
conxunto coa Universidade do Porto, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (a UVigo é responsable e coordinadora).
- Implantación 2023/24
 - PD en Nanociencia e Biomedicina
O programa incorpora o PD en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases, (que obtivo recentemente o informe favorable de renovación da acreditación da ACSUG) ofrecendo unha perspectiva máis ampliada, na que teñan cabida todas as liñas de investigación do CINBIO.

-
- | | |
|--------------|---|
| Modificación | <ul style="list-style-type: none"> • Modificacións tras renovación da acreditación en 2019
Implantación en 2021/22 <ul style="list-style-type: none"> - PD en Educación, Deporte e Saúde • Modificacións tras renovación da acreditación en 2019
Implantación en 2022/23 <ul style="list-style-type: none"> - PD en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (DocTIC) • Implantación prevista en 2023/24 <ul style="list-style-type: none"> - PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
conxunto coa Universidade de Santiago de Compostela (responsable e coordinadora) e Universidade da Coruña |
|--------------|---|
-

1.5 Programas de calidade

Seguimento e Acreditación dos programas de doutoramento

Seguimento

Histórico de resultados da **avaliación externa** (ACSUG):

- Convocatoria de ACSUG 2016/17. Proxecto piloto.
Avaliación do curso 2015/16 e anteriores.
PD implantados en 2012/13 e 2013/14

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Conforme
PD en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns	Conforme
PD en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Conforme
PD en Física Aplicada	Conforme
PD en Estudos Literarios	Conforme
PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Conforme
PD en Ciencias da Educación e do Comportamento	Conforme
PD en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Conforme
PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	Non Conforme
Total: 9 PD → 8 Conformes e 1 Non Conforme	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Ciencia e Tecnoloxía Química (USC)	Non Conforme
PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (USC)	Conforme
Total: 2 PD → 1 Conforme e 1 Non Conforme	

- Convocatoria de ACSUG 2017/18
Avaliación do curso 2016/17 e anteriores.
PD implantados en 2013/14

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	

PD en Biotecnoloxía Avanzada	Conforme
PD en Equidade e Innovación en Educación	Conforme
PD en Estudos Lingüísticos	Sen avaliación*
PD en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñaría Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	Sen avaliación*
PD en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	Sen avaliación*
PD en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Sen avaliación*
PD en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Non Conforme (Informe Provisional)*
PD en Comunicación	Sen avaliación*
PD en Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	Non Conforme (Informe Provisional)*
PD en Educación, Deporte e Saúde	Conforme
PD en Enxeñaría Química	Sen avaliación*
PD en Ordenación Xurídica do Mercado	Conforme
PD en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	Sen avaliación*
PD en Tradución e Paratradución	Sen avaliación*
Total: 14 PD → 4 Conformes, 2 Non Conformes (Informe Provisional) e 8 sen avaliación	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Endocrinoloxía (USC)	Conforme
PD en Estatística e Investigación Operativa (USC)	Non Conforme (Informe Provisional)*
PD en Láser, Fotónica e Visión (USC)	Conforme
PD en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (USC)	Sen avaliación*
PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (USC)	Conforme
PD en Nanomedicina (USC)	Non Conforme (Informe Provisional)*
Total: 6 PD → 3 Conformes, 2 Non Conformes (Informe Provisional) e 1 sen avaliación	
(*) ACSUG non remitiu o informe de avaliación correspondente	

- Convocatorias de ACSUG 2018/19 e 2019/20

Avaliación do curso 2017/18 e 2018/19, e anteriores, respectivamente.
 Segundo a súa propia programación de avaliación do seguimento, ACSUG non avaliou ningún programa coordinado pola UVigo.
 Porén, no curso 2018/19, foi avaliado un PD non coordinado pola UVigo:

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Nanomedicina	Non conforme
Total: PD → 1 Non conforme	

- Convocatoria de ACSUG 2020/21
 Avaliación do curso 2019/20 e anteriores.
 PD implantados en 2014/15

ACSUG trasladou ás universidades do SUG a súa limitación da capacidade de realizar avaliacións do seguimento. A UVigo propuxo, de xeito excepcional, realizar este seguimento en interno. O persoal avaliador foi designado entre os membros da Comisión de Calidade da Eido.

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial	-(*)
Total: 1 PD → (*) Sen resultado de conformidade: o obxectivo en interno foi o de realizar unha valoración que lle permitise ao PD identificar boas prácticas e oportunidades de mellora	

- Convocatoria de ACSUG 2021/22
 Avaliación do curso 2020/21 e anteriores.
 PD implantados en 2017/18

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Auga, sustentabilidade e desenvolvemento	Conforme
PD en Creatividade e innovación social e sustentable	Conforme

Total: 2 PD → 2 conformes

- Convocatoria de ACSUG 2022/23
Avaliación do curso 2021/22 e anteriores.
PD implantados en 2017/18

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	Conforme
PD en Patrimonio Cultural	Conforme
Total: 2 PD → 2 conformes	

Renovación da acreditación

O RD 1393/2007 establecía unha **moratoria de 2 anos** para os PD na súa primeira renovación da acreditación en cada PD. A Eido da UVigo elaborou unha **programación temporal** de acreditación, baseada nesta moratoria, para o período 2018/19 a 2021/22. Esta reprogramación trasládase a ACSUG e á Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia para a súa aceptación en abril de 2019.

Curso	2018/19 (Piloto)	2019/20	2020/21	2021/22
Nº PD	4	10 + 4*	8 + 3*	1 + 2*

* PD interuniversitarios responsabilidade dunha universidade distinta da UVigo

Histórico de resultados da **avaliación externa** (ACSUG):

- Convocatoria de ACSUG 2018/19. Proxecto piloto.
PD non interuniversitarios implantados en 2013/14, con moratoria de 2 anos
Datas clave:
 - Presentación da documentación: 28.05.2019
 - Visitas: novembro de 2019
 - Resultados (informes finais de ACSUG): maio-xuño de 2020

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Ordenación Xurídica do Mercado	Favorable
PD en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns	Favorable

PD en Ciencias da Educación e do Comportamento	Favorable con especial seguimento
PD en en Educación, Deporte e Saúde	Favorable
Total: 4 PD → 3 Favorables e 1 Favorable con especial seguimento Todos renovan a súa acreditación	

- Convocatoria de ACSUG 2019/20
PD implantados en 2013/14 (**inclúe aos interuniversitarios** de aquí en adiante), con moratoria de 2 anos.
O desenvolvemento e os resultados desta convocatoria está en retraso, por mor da pandemia provocada pola Covid-19.
 - Presentación da documentación: 30.05.2020 (inicial), adiada ao 02.11.2020
 - Visitas: novembro de 2020 – febreiro 2021
 - Visita institucional: 12.01.2021
 - Resultados (informes finais de ACSUG): recibidos ao longo de 2021.

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Investigación en Comunicación	Favorable
PD en Equidade e Innovación en Educación	Favorable
PD en Estudos Literarios	Favorable
PD en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Favorable
PD en Biotecnoloxía Avanzada	Favorable
PD en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Favorable
PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Favorable
PD en Enxeñaría Química	Favorable
PD en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Favorable con especial seguimento
PD en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	Favorable
Total: 10 PD → 9 Favorables e 1 Favorable con especial seguimento	
PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Endocrinoloxía (USC)	Favorable
PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura (USC)	Favorable
PD en Láser, Fotónica e Visión (USC)	Favorable

PD en Neurociencia e Psicoloxía Clínica (USC)	Favorable
Total: 4 PD → 4 Favorables	

- Convocatoria de ACSUG 2020/21
PD implantados en 2013/14, con moratoria de 2 anos
 - Presentación da documentación: 25.05.2021
 - Visitas: a partir de xuño de 2021
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Estudos lingüísticos	Favorable
PD en Tradución e paratradución	Favorable
PD en Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	Favorable
PD en Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	Favorable
PD en Física Aplicada	Favorable
PD en Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Favorable
PD en Sistemas software intelixentes e adaptables	Favorable
PD en Tecnoloxía aeroespacial: enxeñaría electromagnética, electrónica, informática e mecánica	Favorable
Total: 8 PD → 8 Favorables	

PD con responsabilidade administrativa doutras universidades:	
PD en Ciencia e Tecnoloxía Química (USC)	Favorable
PD en Estatística e investigación operativa (USC)	Favorable
PD en Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas (USC)	Favorable
PD en Nanomedicina (USC)	Non renovou
Total: 4 PD → 3 Favorables, 1 Non renovou	

- Convocatoria de ACSUG 2021/22
PD implantados en 2014/15, con moratoria de 2 anos
 - Presentación da documentación: 31.03.2022
 - Visita: setembro 2022
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados:
-----------	-------------

Informe final	
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial	Favorable
Total: 1 PD → 1 Favorable	

- Convocatoria de ACSUG 2022/23
PD implantados en 2017/18, sen moratoria
 - Presentación da documentación: 31.05.2023
 - Visita: Auga 28.06.2023, CREA 06.10.2023
 - Resultados (informes finais de ACSUG):

Programas	Resultados: Informe final
PD con responsabilidade administrativa da UVigo:	
PD en Auga, Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	Favorable
PD en Creatividade e innovación social e sustentable	Favorable
Total: 2 PD → 2 conformes	

Principais conclusións identificadas nos procesos de seguimento e acreditación

Inclúen os resultados transmitidos de xeito oral polas comisións de avaliación e tamén a través dos informes provisionais e definitivos.

Aspectos positivos

- Servizos de atención e soporte académico aos estudantes (actividades de información, difusión, xestión económica, admisión, xestión da defensa da tese e expedición de títulos)
- Información pública relevante, actualizada e coherente coas memorias
- Altos niveis de satisfacción dos colectivos entrevistados e enquisados
- Suficiencia e idoneidade dos recursos materiais e servizos dos centros
- Recursos humanos (profesorado, directores/titores de tese e persoal de administración e servizos) adecuados e suficientes para atender os programas
- Promoción da mobilidade (financiamento)
- Opinión dos colectivos nos enquisados (PAS, egresados) (SA6)
- Implantación efectiva do SGC (SA7)

Aspectos mellorables

- Internacionalización (colaboración con entidades de investigación, profesorado e membros de tribunais de teses, mobilidade, expertos, teses en co-tutela e con mención internacional) (SA1)
- Integración das liñas de investigación (re-equilibrio do núm. de estudantes por liña e do núm. profesores que dirixen teses) (SA2)
- Reforzo das actividades formativas transversais (SA3)
- Grupos de investigación con proxectos competitivos (SA4)
- Xestión das actas das CAPD: xustificación dos criterios de admisión, complementos formativos recomendados (SA5)

Programas na investigación

HRS4R (HR Excellence in Research)



En 2017 a Universidade de Vigo foi recoñecida pola Comisión Europea (CE) coa acreditación [*HR Excellence in Research Award*](#) e tamén co Selo de Excelencia. Este programa establece os principios e estándares europeos de calidade no Espazo Europeo de Investigación ([*The European Charter & Code for Researchers*](#)) canalizadas a través da axencia europea EURAXESS da Comisión Europea.

A Eido, como centro de investigación e responsable da formación de investigadores na súa primeira etapa de desenvolvemento profesional, incorporouse en 2019 ás dinámicas deste programa e ao seu [*plan de acción 2019/2022*](#).

O selo HR foi renovado en abril de 2023, tras unha valoración favorable da *Renewal Phase Assessment With Site Visit – Consensus Report*. Próxima avaliación: 2026.

A maiores, estanse a analizar, consultar e determinar os estándares para o que previsiblemente será a nova Carta Europea do Investigador, o que provocará cambios no programa.

Avances máis significativos (con impacto na Eido)

- Implantación do Regulamento do Persoal Investigador Visitante
- Posta en marcha do procedemento para recibir o persoal investigador visitante (plataforma para solicitar as invitacións)
- Iniciouse a elaboración da web con información útil para investigadores visitantes (Welcome Pack)
- Iniciouse a redacción do Regulamento de Ética na investigación da Universidade
- Realización de charlas informativas sobre Ciencia Aberta
- Integración da Universidade de Vigo na European Open Science Cloud (EOSC)
- Aprobación da Normativa de contratación de investigadores con cargo a proxectos
- Implantación de actividades ligadas ao *Welcome Pack* (manual de benvida) para persoal investigador visitante nas súas estadias de investigación na UVigo (HR1)

Aspectos mellorables

- Formación en *HR soft skills* para o dito perfil R1 (ética na investigación, boas prácticas en investigación, propiedade intelectual, ciencia aberta, protección de datos...) (HR2)
- Mentoría e orientación profesional (HR3)

Programas transversais: Medición da satisfacción e Sistema QSP

Medición da Satisfacción

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba estas actividades.

Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)

- 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2022/23

- 2020: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia- e 2019/20)
- 2020: segunda enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20
- Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas.
- Os detalles desta programación poden atoparse na documentación da Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.
- Organización para preparar as actividades de medición orientadas ao PAS e realización da primeira enquisa mediante un grupo de traballo (novembro 2021)
- Acordo para homoxeneizar a medición da satisfacción, por grupos de interese, dos programas de doutoramento, entre as 3 universidades do SUG (xullo 2021)
- Coordinación co Observatorio de Egresados da UVigo do Consello Social para activar estudos de inserción laboral e a enquisa a egresados. Publicación do primeiro estudo de inserción laboral, 1995-2020.
- Realización das enquisas sobre inserción laboral e satisfacción cos estudos a egresados de doutoramento correspondentes ao curso 2021/2022 (outubro 2022, polo que os resultados estarán dispoñibles no curso 2023/2024)



Sistema de QSP

O sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) implantouse na Eido, isto é, no ciclo de doutoramento, en 2015.

As principais fontes de entradas de QSP son a Eido e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Síntese de resultados:

Ata o curso 2019/20, recibíronse 8 queixas e 2 preguntas, en relación coa xestión dos programas de doutoramento, dende setembro de 2017. A medio foi de 2,5 QSP por curso e o tempo medio de resposta foi de 8,1 días, o cal está dentro do previsto no regulamento de QSP.

No curso 2020/21 recibíronse 8 QSP. O tempo medio de resolución foi de 6,375 días. As temáticas foron:

- Emisión de títulos diferentes para cada idioma (non un único título cos dous idiomas)
- Pago dun curso completo en época de pandemia ou depositando a tese a principio do curso
- Listados ordenados alfabeticamente ou cunha orde lóxica
- Utilización paralela de formularios TC-24, TC-25 e TC-32
- Emisión automática de certificado de matrícula, en réxime de autoservicio

O tempo de resposta mellorou respecto a cursos pasados.

No curso 2021/22 recibíronse 4 queixas e 3 suxestión. O tempo medio de resposta foi de 6,7 días (4,6 para as suxestión e 8,25 para as queixas). As temáticas foron:

- Baixa no programa de doutoramento aducindo baixo rendemento (queixa).
- Ofertar un curso sobre desenvolvemento profesional para doutorandos (suxestión)
- recargo por impago de prezos públicos académicos (queixa)
- Información sobre actividades formativas, informe necesario para bolsa GAIN e profesor encargado das actas (queixa)
- emisión automática dun documento identificativo para o alumnado (suxestión)
- xustificación da duración dos estudos de acceso (queixa).
- convocatorias de premios extraordinarios de doutoramento (suxestión)

No curso 2022/23 recibíronse 3 queixas e o tempo medio de resposta foi de 10,7 días (15,6 para as suxestión e 8,25 para as queixas). As temáticas foron:

- falta de supervisión dos directoras

- mal funcionamento de usuario e contrasinal para acceso á secretaría virtual
- período de renovación de matrícula en doutoramento cando se ingresa a un programa de doutoramento en febreiro

Principais conclusións identificadas nos programas asociados á xestión da satisfacción

Aspectos positivos

- Sistema de QSP consolidado
- Alto nivel de participación en todas as actividades de medición (entre o 40-55%)
- Valores de satisfacción positivos, preto de 4/5 na escala.
- Os resultados de participación e satisfacción harmonízanse cada vez máis entre programas de doutoramento.
- Modelo cíclico do programa de medición de satisfacción
- Harmonización dos cuestionarios e metodoloxías de medición no SUG (Sat2)
- Recollida de opinión dos colectivos pendentes (PAS e egresados) (Sat3)

Aspectos mellorables

- Tempo de resposta ás QSP – pero sempre dentro dos prazos establecidas nas normas (Sat1)
- Baixa participación nas QSP

II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS

II.1 Catálogo de indicadores de doutoramento

Os cursos 2021/2022 e 2022/2023 son os primeiros nos que se empregou o catálogo de indicadores consensuado polas tres universidades do SUG.

Por outra banda, en colaboración co observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, a finais do curso 2022/2023 planificouse a realización das enquisas do primeiro estudo sobre a inserción laboral dos egresados de doutoramento do curso 2020/2021. Este estudo ten vocación de continuidade e realizarase de forma anual a partir de agora. Os resultados do estudio correspondente ao curso 2020/2021 serán analizados na memoria correspondente ao curso 2023/2024.

II.2 Resultados acadados

O [Anexo 5] recolle os resultados históricos dos indicadores do SGC da EIDO, desde o curso 2014/2015 ata o curso 2022/2013. Estes indicadores están calculados como resultados agregados do conxunto dos PD adscritos á EIDO.

II.3 Análise dos resultados

A continuación empréganse os datos dos indicadores para comentar os resultados agrupados polas directrices incluídas no SCG.

Directriz 1 Política e obxectivos de calidade

Procesos asociados

- Estratexia
- Revisión do SGC
- Control dos documentos
- Control dos rexistros

Indicadores

Esta directriz non ten indicadores asociados.

Análise

A Universidade de Vigo aprobou o novo Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026, que se desenvolveu ao longo do 2019/20. En liña con este Plan, a EIDO actualizou e aprobou a súa nova estratexia para o período 2022-2026 que inclúe unha declaración da misión e da

visión, liñas estratéxicas de actuación como resultado da revisión e actualización da política de calidade e obxectivos de calidade revisados e actualizados, coas metas anuais programadas

Todos os procesos mencionados nesta directriz están implantados. O control de rexistros é o único proceso que aínda está parcialmente implantado, e está previsto implantalo completamente en 2024.

Directriz 2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Procesos asociados

- Deseño e aprobación dos programas
- Seguimento, mellora e acreditación dos programas
- Suspensión e extinción dos programas

Indicadores

Esta directriz non ten indicadores asociados.

Análise

Os procesos ligados á xestión dos PD están completamente definidos e utilizados con éxito desde a súa aprobación no marco do Sistema de Garantía de Calidade. En particular, os programas de verificación e seguimento. No 2021 rematou o proceso de renovación de acreditación da maioría dos programas.

Directriz 3 Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantado

Procesos asociados

- Admisión
- Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as
- Xestión da mobilidade
- Atención ao estudantado e orientación profesional
- Autorización e defensa da tese
- Xestión das QSP
- Medición da satisfacción

Indicadores e análise

- Admisión
- IPD1 Número de prazas ofertadas
- IPD2 Demanda
- IPD3 Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso –indicando os que proceden de PD en extinción-

- IPD4 Número total de estudantes matriculados/as desagregado por universidade participante, de ser o caso –PD interuniversitarios-
- IPD5 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de master doutras universidades
- IPD6 Porcentaxe de estudantes estranxeiros -fóra de España- sobre o total de matriculados
- IPD7 Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos
- IPD8 Porcentaxe de estudantes matriculados/as segundo a dedicación –tempo completo, tempo parcial e mixto-
- IPD12 Porcentaxe de estudantes segundo o perfil de ingreso

IPD1	As prazas ofertadas desde o curso 2019/2020 están estabilizadas sobre 520 prazas, o que indica que estamos xa no réxime permanente
IPD2	Agás un pequeno descenso no curso 2021/2022, a demanda global é similar ou lixeiramente superior á oferta de prazas, o que indica que a oferta está ben axustada á demanda
IPD3	O número de estudantes matriculados de novo acceso é estable, en torno aos 330 anuais, cun pequeno ascenso no curso 2022/2023.
IPD4	O número total de estudantes matriculados semella que está a chegar ao réxime permanente cun número en torno aos 1500 estudantes, con números similares de homes e mulleres
IPD5	A porcentaxe de estudantes procedentes doutras universidades aumentou cada ano ata superar o 40%, o que indica o atractivo dos programas da UVigo para os estudantes doutras universidades
IPD6	A porcentaxe de estudantes estranxeiros aumento lixeiramente cada ano e supera o 30%, con números similares de homes e mulleres
IDP7	Moi poucos estudantes (menos dun 2%) necesitan facer complementos formativos
IPD8	A dedicación maioritaria é a de tempo completo, estabilizándose en torno ao 65%
IPD12	A maioría do alumnado accede actualmente con títulos de grao e máster

- Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as
- IPD11 Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral -FPI, FPU, Xunta...-
- IPD13 Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación
- IPD18 Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título

- % de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta

IPD11	A porcentaxe de alumnado que ten bolsa predoutoral é estable nun valor próximo ao 10%
IPD13	O número de liñas de investigación activas estase estabilizando nun valor de 440 liñas, con unha media algo superior a 3 estudantes por liña
IPD18.1	O número de teses defendidas empezou creceu significativamente a partires do curso 2017/18 e neste dous últimos cursos semella estabilizarse en torno ás 140 teses defendidas
IPD18.2	A dedicación maioritaria nas teses defendidas foi a de tempo completo, se ben baixou lixeiramente dos dous últimos curso ata valores en torno ao 65%
IPD18.3	A metade das teses e presentada en castelán e a outra metade en linguas non oficiais (principalmente inglés). O uso do galego é minoritario (en torno ao 3%)
IPD18.4	A duración media dos estudos a tempo completo é próxima aos 5 anos, que é a duración máxima a tempo completo. O valor é lixeiramente superior ao valor teórico por mor dos retrasos asociados a pandemia de COVID19
IDP18.6	Cada vez mais estudantes precisan solicitar as dúas prórrogas antes de rematar a tese. Nos últimos cursos é superior a un 50%
IPD18.7	A maioría dos estudantes reciben a cualificación cum laude, con porcentaxes por riba do 90%
IPD18.8	Nos cursos 2018/2019 e 2019/2020, a porcentaxe das teses con mención internacional era próxima ao 40% pero por mor da pandemia baixou a un 30%. Nos últimos cursos 2021/2022 e 2022/2023 aínda non se estabilizou pero recuperouse ata oscilar entre o 30 e 35%

- Xestión da mobilidade

- IPD9 Porcentaxe de estudantes –entrantes/saíntes- que realizan estadías de investigación autorizadas pola CAPD
- IPD10 Porcentaxe de estudantes –entrantes/saíntes- que participan en programas de mobilidade

IPD9	A porcentaxe de estudantes que realizan estadías era do 10% anual e baixou por mor da pandemia ata o 7%, e volve a ascender lixeiramente nos dous últimos cursos. Este indicador é difícil de calcular xa que se conta o ano en que o estudante inscribe a estadía no seu documento de actividade non no ano en que a realiza
------	---

IPD10 A porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade é moi baixa, o 1%.

- Atención ao estudantado e orientación profesional

Este proceso non ten indicadores asociados.

En todo caso, os resultados obtidos por diferentes fontes (informes de avaliación de seguimento e de acreditación dos PD, sistema de QSP e resultados das enquisas a todos os colectivos dispoñibles) permiten constatar a boa valoración dos servizos de atención ao estudantado, tanto en cuestións administrativas como académicas. Como xa se comentou noutras epígrafes, queda por mellorar a orientación profesional.

- Autorización e defensa da tese

- IPD14 Número de teses defendidas en réxime de codirección
- IPD17 Número de expertos internacionais que participan nas comisións de seguimento ou nos tribunais de teses
- IPD18 Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título
 - N° de teses defendidas
 - N° de teses presentadas en galego, castelán ou outra lingua
 - Duración media dos estudos a tempo completo / tempo parcial
 - Taxa de éxito
 - % doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - % doutorandos que defenden a súa tese despois de pedir a 1ª prórroga
 - % doutorandos que defenden a súa tese despois de pedir a 2ª prórroga
 - Porcentaxe de teses coa cualificación *cum laude*
 - Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD14 Máis da metade das teses son codirixidas

IPD17 En torno al 35% dos tribunais de teses teñen no seu tribunal a un experto internacional

- Xestión das QSP

Este proceso non ten indicadores asociados.

En todo caso, a súa análise realízase na epígrafe I.4 Programas transversais: Medición da satisfacción e Sistema QSP.

- Medición da satisfacción
- IPD19 Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución)
- IPD20 Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos/as
 - % egresados que están traballando
 - % egresados que están traballando en función do nivel de doutor
 - % doutores que acadan axudas para contratos postdoutorais

IPD19 A participación nas enquisas é elevada, próxima ao 50%. A satisfacción tamén é elevada, sendo, en promedio, a do curso 2021/22 a de mellor valoración

IPD20 A empregabilidade dos egresados e moi elevada. O 95% está traballando, sendo similar a porcentaxe de homes e mulleres

A maiores, pode atoparse información adicional na epígrafe I.4 Programas transversais: Medición da satisfacción e Sistema QSP.

Directriz 4 Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Procesos asociados

- Xestión do persoal académico
- Xestión do persoal de apoio

Indicadores e análise

- Xestión do persoal académico
- IPD15 Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes
- IPD16 Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe teses sobre o profesorado total do programa

IPD15 A porcentaxe de sexenios vivos do total de profesores dos PD é próxima ao 70% e ascende ata cerca do 80% considerando so os profesores da UVigo, en ambos caso maior que o 60% necesario

IPD16 A porcentaxe de directores estranxeiros ten unha tendencia claramente ascendente e chega ao 14% no curso 2022/2023

- Xestión do persoal de apoio

Este proceso non ten indicadores asociados.

En todo caso, os resultados obtidos por diferentes fontes (informes de avaliación de seguimento e de acreditación dos PD, sistema de QSP e resultados das enquisas

a todos os colectivos dispoñibles) permiten constatar a suficiencia e satisfacción co persoal de apoio.

Directriz 5 Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Procesos asociados

- Xestión dos recursos materiais e servizos

Indicadores

Este proceso non ten indicadores asociados.

Análise

En liñas xerais, os resultados obtidos por diferentes fontes (informes de avaliación de seguimento e de acreditación dos PD, sistema de QSP e resultados das enquisas a todos os colectivos dispoñibles) permiten constatar que as infraestruturas físicas e virtuais son suficientes, axeitadas e están altamente valoradas nas enquisas de satisfacción dispoñibles.

No ano 2020 rematouse a implantación, na plataforma informática Xescampus, dos módulos relativos á entrega das teses, compromiso de supervisión e documento de actividades do alumnado. Isto permitiu avanzar na dixitalización dos procesos.

Directriz 6 Información pública

Procesos asociados

- Información pública e rendemento de contas

Indicadores

Este proceso non ten indicadores asociados.

Análise

En liñas xerais, podemos afirmar que a información pública, tanto dos programas de doutoramento como da EIDO, foi mellorando a raíz das recomendacións dos informes de seguimento e de acreditación. Tomando estes resultados como referencia, levouse a cabo un proceso de análise para harmonizar e organizar os distintos niveis de información.

As páxinas Web dos programas foron integradas coa páxina da EIDO, que sufriu unha reestruturación coa nova Web da Universidade de Vigo do 2018. Os resultados de satisfacción e os informes de avaliación externos sinalan que se está a traballar no bo camiño.

Principais conclusións identificadas a través da análise dos datos e dos indicadores de resultados

Aspectos positivos

- Procesos de modificación e acreditación consolidados
- Estabilidade da matrícula do alumnado
- Elevado número de teses defendidas, un 90% cum laude e un 36% con mención internacional
- Mais da metade das teses son codirixidas e unha cuarta parte teñen algún investigador estranxeiro no seu tribunal
- A participación nas enquisas é elevada, así como o resultado global destas
- Un 75% do profesorado da Universidade de Vigo que participa nos programas de doutoramento ten o sexenio vivo
- Os recursos materiais e os servizos melloraron nos últimos anos
- Mellorou a información pública, tanto da propia Universidade de Vigo como dos programas de doutoramento

Aspectos mellorables

- Implantación efectiva do control de rexistros (Ind1)
- Incremento da mobilidade do estudantado (Ind2)
- Datos de empregabilidade dos doutorandos (Ind3)

III ACORDOS PREVIOS

III.1 Acordos da memorias anteriores: seguimento e avaliación

LISTAXE DE ACORDO						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	RESPON- SABLE (*)	DATA FIN PREVISTA	ESTADO	COMENTARIOS
1	SG1	Realizar actividades de formación e sensibilización en calidade para os distintos colectivos	CC / XP	4ºT 2022		Primeira reunión de formación feita en maio de 2023
2	SG2	Implicar os responsables de calidade dos PD no desenvolvemento dos programas de calidade - o Identificar / formalizar as designacións - o Formar e sensibilizar as persoas - o Crear unha rede de colaboración	CC / AC	3ºT 2021		Os responsables de calidade están identificados e colaboran activamente do desenvolvemento dos procesos.
3	SG3, SA5, Ind1	Mellorar o control documental dos PD: - o Activar o control dos rexistros na aplicación do SGC - o Harmonizar a xestión das actas das CAPD	CC / XP / AC	4ºT 2022		Aplicación decidida. En maio de 2023 empeza o plan piloto e rematará en 2023.
4	SG4, Ind3	Activar o cálculo dos indicadores de inserción laboral	CC / XP	1ºT 2022		O Observatorio da Universidade de Vigo realizou o estudo histórico
5	SG5	Dispor de resultados de indicadores agregados	CC / XP	4ºT 2021		Faltan datos segregados por rama

		○ Consolidar o cálculo para o conxunto da Eido ○ Segregar os datos por rama de coñecemento				
6	SG6, SA7	Impulsar a implantación efectiva dos procesos do SGC	CC / AC	4ºT 2022		Previsto rematar en 2023.
7	SG7	Potenciar a participación activa da Comisión de Calidade nos procesos de funcionamento da xestión de calidade da Eido	CC	1ºT 2022		
8	SG8	Activar a implantación de estándares de sostibilidade	DE / AC	2ºT 2023		
9	SA1, Ind2	Potenciar a internacionalización dos PD (colaboración con entidades de investigación, profesorado e membros de tribunais de teses, mobilidade, expertos, teses en co-tutela e con mención internacional)	DE	4ºT 2022		
10	SA2	Potenciar a integración das liñas de investigación dos PD (re-equilibrio do núm. de estudantes por liña e do núm. profesores que dirixen teses)	DE	4ºT 2022		
11	SA3, HR2	Reforzar as actividades formativas transversais / <i>soft skills</i>	DE	4ºT 2022		
12	SA5	Fomentar os grupos de investigación con proxectos competitivos	DE	4ºT 2022		Mediante a fusión de liñas e grupos de investigación

13	SA6, Sat3	Activar a recollida de opinión do PAS e dos egresados	AC	4ºT 2021		
14	HR1	Implantación de actividades ligadas ao <i>Welcome Pack</i> (manual de benvida) para persoal investigador visitante nas súas estadias de investigación na UVigo	XP / AC	1ºT 2022		
15	HR3	Impulsar a mentoría e mellorar a orientación profesional	CC	3ºT 2022		
16	Sat 1	Mellorar o tempo de resposta ás QSP	XP / CC	2ºT 2022		
17	Sat2	Harmonizar os cuestionarios e metodoloxías de medición da satisfacción no SUG	AC	1ºT 2022		Acordo no SUG en xuño de 2021

(*)

DE: Dirección da Eido

CC: Coordinador de Calidade da Eido

XP: Xefe Servizo Xestión de Estudos de Posgrao

AC: Área de Calidade

Estado de situación das accións:



Programada



En execución



Realizada e eficaz



En retraso

IV CONCLUSIONES E ACORDOS

IV.1 Conclusiones relevantes

- Considerando o estado de situación do SGC e o funcionamento dos outros programas de calidade cos que está interrelacionado, podemos concluir:
- O **deseño** do SGC aprobado en 2020 é **robusto** e mantense, en liñas xerais, **actualizado**. Existen cambios lexislativos que é preciso considerar para unha futura actualización (tras o período de implantación e certificación)
- A Comisión de Calidade da EIDO está **plenamente operativa** e funciona conforme está previsto no Manual de Calidade. A frecuencia das súas reunións e as temáticas que se tratan son cada vez maiores.
- A implantación dos procesos do SGC foi **desigual** e retrasouse por mor da Covid-19. A maioría dos procesos están en implantación e precisan ser consolidados conforme o previsto no deseño.
- Para unha plena e eficaz implantación do SGC é preciso buscar a **implicación de todos os colectivos**. En particular, considérase clave o perfil dos responsables de calidade dos programas. Será necesario reactivar as actividades de formación e sensibilización previstas.
- Con todo, o SGC ten a **capacidade de prover información** sobre a situación e os resultados de todos os programas de doutoramento adscritos á EIDO, sexan ou non responsabilidade da UVigo. Inclúense os resultados dos indicadores académicos e de satisfacción.
- Os programas de **seguimento e de acreditación** funcionan con total normalidade. Dispónse de evidencias e resultados que fundamentan a análise e a toma de accións de mellora. Os resultados acadados son, en xeral, positivos.
- O **programa HR** serve como panca para integrar melloras no SGC tendo en conta os estándares europeos de investigación.
- O programa de **medición da satisfacción** avanza conforme o previsto na programación aprobada na Comisión de Calidade da EIDO.

–Malia pandemia Covid-19, que impactou e retrasou no funcionamento normal do ciclo de doutoramento, as medidas e decisións tomadas para garantir a dispoñibilidade dos recursos e a defensa das teses de doutoramento considéranse efectivas.

IV.2 Acordos

Acordos previos: executáronse todos.

1 Establecer a Estratexia da Eido (actualizar a política e os obxectivos de calidade para 2022/23 – 2025/26)

→ Aprobada no no CD o 20.12.2022

2. Non reformar a documentación do SGC no curso 2021/22

3. Aprobar o Plan de accións de mellora

4. Validar a Memoria de Calidade 2020/21 e propoñer a súa aprobación ao Comité de Dirección da Eido

5. Seguir potenciando a participación activa da Comisión de Calidade nos procesos de funcionamento da xestión de calidade da Eido

6. Publicar, unha vez aprobada, a Memoria de Calidade 2020/21

A dirección da EIDO, á vista deste informe, propón á Comisión de Calidade, adoptar os seguintes acordos:

1. Non reformar a documentación do SGC no curso 2022/23

2. Aprobar o Plan de accións de mellora

3. Validar a Memoria de Calidade dos cursos 2021/22 e 2022/23 e propoñer a súa aprobación ao Comité de Dirección da EIDO.

4. Seguir potenciando a participación activa da Comisión de Calidade nos procesos de funcionamento da xestión de calidade da EIDO

5. Publicar, unha vez aprobada, a Memoria de Calidade correspondente aos cursos 2021/2022 e 2022/2023

6. Elaborar, para o 2ºT do 2025, a Memoria de Calidade 2023/24

V ANEXOS

- Anexo 1: Plan de accións da certificación do deseño do SGC v 2023
- Anexo 2: Esquema gráfico do estado de implantación dos procesos do SGC
- Anexo 3: Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC e Plan de Mellora asociado
- Anexo 4: Estratexia da Eido 2022-26
- Anexo 5: Resultados históricos dos indicadores do SGC (agregación Eido)

Directrices do SGC

Directrices do programa Fides-Audit (ACSUG)	Directrices do EEES (ENQA)
1 Política e obxectivos de calidade	1.1 Política de calidade
2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	1.2 Deseño e aprobación dos programas
	1.7 Xestión da información
	1.9 Seguimento continuo e avaliación periódica dos programas
	1.10 Ciclo externo de garantía de calidade
3 Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantado	1.3 Ensinanza, aprendizaxe e avaliación centradas no/a estudante
	1.4 Admisión, progresión, recoñecemento e certificación do estudantado
4 Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	1.5 Persoal docente
5 Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	1.6 Recursos de aprendizaxe e de apoio ao estudantado
6 Información pública	1.8 Información pública

Esta memoria foi elaborada pola dirección da EIDO, en colaboración co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e a Área de Calidade.